



Número de expediente: 2026/SUBDIREC/000008

CORRECCIÓN DE ERROS ADVERTIDOS NA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE 15/04/2026, POLA QUE APROBA O CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN EUROPEA DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO CAMIÑO PORTUGUÉS PARA O ANO 2026.

Detectado un erro na Resolución da Alcaldía de 15/04/2026 pola que se aproba o convenio de colaboración coa Asociación Europea dos Camiños de Santiago para o desenvolvemento de actividades de promoción do Camiño Portugués para o ano 2026, resultan relevantes os seguintes

FEITOS:

PRIMEIRO.- No resolve da Resolución da Alcaldía de data 15/04/2026 consta: "... **PROPOSTA DE ACORDO:**".

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

1.- Conforme dispón o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, del Procedemento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, as Administracións Públicas poderán, asemade, rectificar en calquera momento, de oficio o a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

O erro cometido debe ser cualificado como de feito ou material, en contraposición os erros de dereito. Ou o que é o mesmo, o erro debe ser patente e claro observable sen necesidade de acudir a interpretacións de normas xurídicas aplicables, simples equivocacións elementais que se aprecien tendo en conta exclusivamente os datos do expediente do que se deriven e, en ningún caso, pode padecer a subsistencia do acto pola rectificación que se efectúe..

2.- Corresponde a Alcaldía a adopción do seguinte acordo, de conformidade co disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 13.n) do Regulamento Orgánico do Goberno e da Administración, aprobado polo Pleno da Corporación o 21 de outubro de 2005 (BOP núm. 249, 28/12/2005), competencia que foi delegada na concelleira responsable da Área de Promoción da Igualdade, do Benestar, da Saúde e da Economía por decreto do Alcalde de 07/04/2026.

En base ao feito relatado e consideracións expostas na precedente fundamentación xurídica procédese a rectificar o erro cometido na Resolución da Alcaldía do 15/04/2026 do seguinte xeito:

ÚNICO: No resolve da resolución, onde pon "**PROPOSTA DE ACORDO:**" debe substituírse por "**Pola presente, e de conformidade con todo o exposto, o concelleira responsable da Área de Promoción da Igualdade, do Benestar, da Saúde e da Economía, RESOLVE:**".

De conformidade co exposto o texto íntegro da resolución é o seguinte:

"ASUNTO: CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN EUROPEA DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO CAMIÑO PORTUGUÉS PARA O ANO 2026.





Logo de examinar o expediente núm. 2026/SUBDIREC/000008, resultan relevantes para a súa resolución os seguintes

FEITOS:

1.- O 12/03/2026 a Concelleira da Área de Promoción Económica, Emprego e Turismo ordena iniciar un expediente para a concesión dunha subvención, por importe de 9.500,00 euros, á Asociación Europea dos Camiños de Santiago, CIF G94048717, para o desenvolvemento de actividades de promoción do Camiño Portugués para o ano 2026, despois de que esta entidade solicitase a través do Rexistro electrónico do Concello o outorgamento desta axuda, e o seu carácter de interese público para o municipio.

2.- Pola Asociación Europea dos Camiños de Santiago, achegase a documentación esixida no artigo 12 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello:

- Memoria explicativa das actividades que se pretenden realizar, con especificación da data, lugar de realización, obxectivo e fins concretos a que se destinarán os fondos.
- Orzamento de ingresos e gastos para levar a cabo dita actividade, con expresión do financiamento previsto.
- Copia do código de identificación fiscal (CIF).
- Documentación acreditativa dos cargos representativos e do domicilio social.
- Os datos bancarios da conta á que se poderá transferir a achega económica.
- Outros documentos achegados: declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para poder obter a condición de beneficiaria, declaración de non ter pendentes de xustificación, fora de prazo, ningunha subvención do concello de Pontevedra, e compromiso de comunicar a concesión de calquera outra axuda ou subvención para a mesma finalidade; Certificado da secretaria da asociación sobre a facultade do Presidente na sinatura de convenios; Certificado de estar ao corrente con Facenda, certificado de estar ao corrente con Facenda da Xunta de Galicia e informe de la TGSS no que se hace constar que a citada Asociación no figura inscrita como empresario en el sistema de la Seguridad Social y no tiene ni ha tenido asignado código de cuenta de cotización en ningún régimen del sistema de la Seguridad Social.

3.- Por outra banda, consonte o disposto no mencionado artigo 12 da dita Ordenanza, incorporouse de oficio ao expediente un Informe do OTXT de data 13/03/2026, conforme que a citada asociación non ten débedas coa facenda municipal.

4.- A asociación consta no rexistro de asociacións do concello de Pontevedra co número de rexistro 550, segundo informe de data 13/03/2026, do servizo de secretaria e asuntos xerais.

5.- Por decreto de data 27/01/2026, declarouse iniciado o procedemento para a elaboración e aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Pontevedra para o período 2026/2028. Posteriormente mediante decreto de data 05.02.2026, aprobouse o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Pontevedra para o período 2026-2028, documento co CSV R687Z9KC8A062I5R e as fichas co detalle por liña de subvención de cada área competencial, segundo o contido establecido no artigo 12 do RXS, como Anexo I do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello 2026-2028, documento co CSV EWTQ2NIFHQ0DWHFT, entre as que se inclúe a liña de subvención, dentro da área de competencia de Promoción Económica en Apoio á “Convenio coa Asociación Europea dos Camiños de Santiago para a promoción do Camiño Portugués ao seu paso por Pontevedra” organizada pola Asociación Europea dos Camiños de Santiago (AECS), a subvención por concesión directa prevista no orzamento municipal a Asociación veciñal O Castro e recoñece os seus obxectivos específicos recollidos na mesma, por unha contía anual de 9.500 €, nos exercicios 2026 a 2028, con cargo á aplicación orzamentaria 08-4320-48902.





6.- Determinase no borrador do convenio o gasto polo importe de 9.500 €, con cargo á aplicación orzamentaria 08/4320/48902, do exercicio vixente, sendo o reparto dos fondos e achega municipal segundo o seguinte distribución:

ACTIVIDADES	Importe (€)
Gala exposición "A Camelia no Camiño" – Pazo de Mugartegui de Pontevedra (13, 14 e 15 de febreiro de 2026)	3.500
Camiño de Inverno de Monforte de Lemos a Santiago: Sábado 15 de marzo: primeira etapa: Monforte de Lemos-Chantada Sábado 29 de marzo: segunda etapa: Chantada-Rodeiro Sábado 10 de abril: terceira etapa : Rodeiro-Lalin Sábado 26 de abril: cuarta etapa: Lalin-Silleda Sábado 10 de maio: quinta etapa: Silleda-Outeiro Sábado 24 de maio: sexta etapa: Silleda-Santiago de Compostela	5.500
Encontro de hospitaleiros/as do Camiño Portugués a Santiago (20 e 21 de setembro 2026)	10.000
Total custo estimado	19.000

7.- Informase polo Sr. Director da Asesoría xurídica en data 25.03.2026.

8.- En data 10.04.2026 emítense informe pola Intervención Xeral no que se determina a conformidade coa proposta formulada.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

1.- Ao abeiro do establecido no artigo 3 da OXS determina que son subvencións as disposicións dinerarias realizadas polo Concello para o desenvolvemento de proxectos, accións ou condutas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de titularidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública, sempre que cumpran os requisitos previstos no citado precepto.

O artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime Local establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos nese artigo, exercendo en todo caso como competencias propias, nos termos da Lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras materias, nas de promoción da cultura e de ocupación do tempo libre.

2.- Segundo establece o artigo 22.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, poderán concederse subvencións de forma directa cando estas estivesen previstas nominativamente nos orzamentos dos entes públicos, posibilidade que regula tamén o artigo 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 36 da Ordenanza de subvencións do Concello.





A este respecto, esta administración no seu Orzamento para 2026, contempla unha achega económica á Asociación Europea dos Camiños de Santiago, por importe de nove mil cincocentos euros, para o desenvolvemento de actividades de promoción do Camiño Portugués para o citado ano, Partida específica expresamente prevista no orzamento na aplicación orzamentaria: 08.432.0-489.02.

3.- O Convenio de colaboración coa Asociación Europea dos Camiños de Santiago, constitúe o instrumento polo que se canaliza a subvención prevista, concretándose o seu obxecto no desenvolvemento de actividades de promoción do Camiño Portugués para o ano 2026. O devandito documento contén, entre as súas estipulacións, o compromiso de realizar unha achega económica de 9.500,00 €, contía que non poderá exceder do 50% do custe da actividade, segundo o artigo 5.g) da Ordenanza reguladora das subvencións do Concello.

4.- O proxecto do convenio a subscribir axústase ao contido preceptuado polo artigo 40 da Ordenanza de subvencións do Concello, incluíndo a definición sinalada do obxecto da subvención, o réxime xurídico aplicable, o prazo de duración do convenio, os dereitos e obrigas das partes asinantes e o réxime de xustificación da subvención a cumprir polo beneficiario.

As estipulacións do documento convencional non conteñen previsións contrarias ao ordenamento xurídico estando, polo tanto, en consonancia co disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións, no seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006 e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

A este respecto xúntase ao expediente o borrador do convenio que contén as bases reguladoras da axuda, e que recollen o contido mínimo previsto na normativa de aplicación.

5.- O artigo 19 da Ordenanza municipal de aplicación prevé que a xustificación do cumprimento da subvención realizárase mediante a presentación da conta xustificativa, debendo xustificarse os gastos mediante facturas ou outros documentos de valor probatorio equivalente.

6.- Aos efectos de dar cumprimento ao artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012 do 27 abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de conformidade co previsto na Bases de execución do orzamento, únese ao expediente unha memoria económica que analiza o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

7.- En cumprimento do disposto nos artigos 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e no artigo 199.h) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, este expediente iníciase cunha memoria onde se xustifica a necesidade e oportunidade do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión e demais extremos establecidos na citada Lei 40/2015.

8.- Os plans estratéxicos de subvencións (en adiante PES) veñen regulados no artigo 8.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, que establece que os órganos das administracións públicas deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

O contido do PES ven determinado no Regulamento da LXS, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 17 de novembro. Segundo o artigo 12.3 do dito regulamento, os plans estratéxicos de subvencións teñen carácter programático e o seu contido non crea dereitos nin obrigas, establecendo que a súa efectividade quedará condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvencións.

9.- Con carácter previo á aprobación do outorgamento da subvención e á sinatura do convenio, emitíronse informes a Asesoría Xurídica Municipal e a Intervención Xeral Municipal, de conformidade co establecido no art. 56.1.b) do Regulamento orgánico do goberno e da administración municipal, e os artigos 213 e seguintes do RDL 2/2004, que aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.





10.- A competencia para a concesión da subvención de forma directa, referente á axuda por este importe, corresponde a Alcaldía, en función do establecido no artigo 36.3 da Ordenanza xeral de subvencións, no 124.4.n) da Lei 7/1985 e no 13.2.n) do Regulamento orgánico do goberno e da administración municipal. Así mesmo, por decreto de data 07.04.26 delegáronse as atribucións en materia de seguimento e impulso en cada un dos/as concelleiros/as nas súas respectivas áreas, así como a concesión de subvencións directas segundo o seu ámbito funcional, sempre e cando sexa competencia da Alcaldía, nos termos establecidos na Ordenanza Xeral Reguladora das subvencións do Concello de Pontevedra, competencia que foi delegada na concelleira responsable da Área de Promoción da Igualdade, do Benestar, da Saúde e da Economía por decreto do Alcalde de 07/04/2026.

Pola presente, e de conformidade con todo o exposto, o concelleira responsable da Área de Promoción da Igualdade, do Benestar, da Saúde e da Economía, **RESOLVE:**

PRIMEIRO: Aprobar a concesión dunha subvención por importe de 9.500 €, a Asociación Europea dos Camiños de Santiago, CIF G94048717, para o desenvolvemento de actividades de promoción do Camiño Portugués para o ano 2026.

SEGUNDO: Aprobar o gasto polo importe e con cargo á aplicación orzamentaria 08/4320/48902, e operación do exercicio vixente.

TERCEIRO: Prestar aprobación ao texto íntegro do convenio polo que se regula a subvención como anexo deste acordo, contido no documento co CSV:MKIMX9MSP6T0FYUN

En Pontevedra, na data que consta na sinatura electrónica"

Así o dispuxo e ordenou a Concelleira responsable da Área de Promoción da Igualdade, do Benestar, da Saúde e da Economía, na data que figura na sinatura electrónica.

